

ACTIVIDADES ADAPTADAS GALEGO E CASTELÁN

Nas asignaturas de Lingua Galega e Lengua Castellana intentamos combinar as actividades dixitais coas manuais, tanto en xogos como en tarefas de clase. Houbo grandes avances en canto a lectoescritura do alumno, xa que o uso do wordpad facilita a organización e autonomía do alumno á hora de escribir.

Por outra banda, o Balabolka permite que o alumno corrixa os seus exercicios en alto para a clase, que participe en ditados, lecturas grupais, e que poida repasar mellor os contidos teóricos.

Materiais empregados:

Tablet, pulsador, BJOY ring

Tarxetas plastificadas de Kahoot, tarxetas de Plickers, xogos manipulativos...

WordPad, Power Point e PDF

Actividades adaptadas:

Kahoot

Ditados

Clasificación de palabras

Graos adxectivo

Liveworksheets

JAMBOARD

Exames

Plickers


KAHOOT

(ACTIVIDADE: individual - MATERIAL: dixital e físico)

<https://kahoot.com>

Nesta actividade o alumnado responde a un xogo de preguntas creado polo mestre sobre diferentes unidades de Lingua Galega. Adaptouse nun inicio facendo as tarxetas de resposta en cartulinas plastificadas, de xeito que todos os alumnos e alumnas puideran collelas coas mans e levantar as correctas. Máis tarde, coa conexión ao wifi do centro da tablet, todos os nenos e nenas poden xogar dende a sala de ordenadores, e tamén dende a tablet do mesmo xeito.

56



▲ Son as palabras que nomean persoas, animais ou cousas.

◆ Son as palabras que teñen máis dun significado.

● Son as palabras que teñen significados contrarios.

■ Son as palabras que teñen o mesmo significado.



DITADOS

(ACTIVIDADE: **individual** - MATERIAL: **dixital**)

Os ditados fanse na tablet, preferiblemente no wordpad. En ocasións practícase con anterioridade o dictado. Buscamos textos de pouca lonxitude para que lle sexa cómodo ao alumno, preferiblemente de temas que el atope interesantes. Tamén se traballa con dictados de palabras, reforzando as que lle presentan máis dificultade.


Nos dictados de palabras pódese traballar en parellas, e Adrián pode ditarlle aos compañeiros e compañeiras coa axuda do Balabolka.

CLASIFICACIÓN DE PALABRAS

(ACTIVIDADE: **individual e grupal** - MATERIAL: **físico**)

Os xogos manipulativos que facemos na aula son accesibles a todo o alumnado. Para practicar a clasificación de palabras escollemos este sinxelo xogo no que cada neno ou nena teñen catro ou cinco tarxetas, e deben depositalas no caixón correspondente.

Esta actividade tamén se presta a xogar en pequenos grupos, como actividade de ampliación ou de reforzo, dependendo da dificultade das tarxetas e dos caixóns.





GRAOS DO ADXECTIVO

(ACTIVIDADE: **individual ou grupal** - MATERIAL: **físico**)

Para traballar os graos do adxectivo, os nenos e nenas escribiron unha frase con cada un dos graos. Logo recortáronas en forma de tiras e intarcambiáronas. O último paso era clasificalas correctamente.

As frases poden escribirse no wordpad, e posteriormente imprimirse e recortarse.

Esta actividade de reforzo pódese levar a cabo de xeito individual ou grupal.




JAMBOARD

(ACTIVIDADE: **individual** - MATERIAL: **dixital**)

Link Jamboard: <https://gsuite.google.es/intl/es/products/jamboard/>

Aproveitando a pantalla táctil da tablet, podemos facer sinxelos exercicios de clasificación empregando Jamboard. Elabórase no ordenador do mestre ou mestra e compártese o arquivo co WiFi.

Tamén se pode realizar coa axuda do Bjoy Ring, ou coa axuda dun punteiro, para variar un pouco na realización de tarefas diarias.



EXAMES

(ACTIVIDADE: **individual** - MATERIAL: **dixital**)

Para a realización dos exames, estes fanse a word e pásanse á tablet do alumno cun USB. Deixamos á súa elección ter tamén unha copia impresa do mesmo.

Despois de que o alumno complete as preguntas, gardamos o exame no USB. Para correxilo podemos facelo tanto dixitalmente, como imprimir o seu exame e correxilo a man.

Hai que adaptar os exames de xeito que non sexan moi longos, e que as preguntas sexan formuladas do xeito máis cómodo posible.



PLICKERS

(ACTIVIDADE: **individual** - MATERIAL: **dixital**)

[Enlace a plickers](#)

Empregámos Plickers na aula de xeito grupal, para repasar ou avaliar contidos. É unha actividade que todos os alumnos levan a cabo do mesmo xeito, e coa que están moi motivados.

Na páxina de Plickers creamos o noso grupo clase, e escribimos o nome dos alumnos adxuntándoos a un número. Logo, xeramos unhas tarxetas como as que vedes abaixo, de xeito que cada neno e nena ten unha tarxeta cun código QR.



Estas tarxetas serven para responder a preguntas de xeito A, B, C ou D, xa que cada lado da tarxeta se corresponde a unha destas opcións.

Crearemos unha presentación en Plickers, con imaxes, preguntas e catro respostas. Logo, os nosos alumnos deberán escoller a resposta correcta e colocar a súa tarxeta coa opción correcta hacia arriba.

Despois, co noso dispositivo móbil e a aplicación de Plickers procedemos a escanear as súas tarxetas. Sería como si os enfocásemos coa cámara do móbil, e deste xeito rexistramos as súas respostas.

The screenshot shows the Plickers web interface. At the top, there's a navigation bar with 'Now Playing', a search bar, and buttons for 'School Closures Survey', 'A Rojo', 'Creator Fund', and 'Help'. On the left sidebar, there are links for 'New Set', 'Recent', 'Your Library', 'Reports', 'Scoresheet...', 'Your Classes' (with '4ºB' selected), 'New Class', 'Your Packs', 'Galego', and 'New Pack'. The main area displays a presentation titled '1. GALEGO TEMAS 6 E 7' by 'Galego', edited on 'Fri 06 Mar'. It has a '5' in a blue box. Below the title are buttons for 'Play Now', 'Edit Set', 'Move to Pack', and 'Add to Queue'. There are also buttons for '4ºB' and a grid icon. The presentation consists of five cards:

- Card 1:** 'As palabras homófonas son...'. Image: A word cloud. Options: A. As que significan o mesmo. B. As que son igual, aínda que signifiquen cousas distintas.
- Card 2:** 'Os numerais expresan cantidade ou orde...'. Image: A colorful abstract pattern. Options: A. De xeito preciso. B. De xeito inexacto.
- Card 3:** 'Os indefinidos expresan...'. Image: A comic book style 'BLA BLA BLA' speech bubble. Options: A. Cantidade de forma exacta. B. Cantidade de forma inexacta.
- Card 4:** 'Un can, dous cabalos, trinta e tres gatiños...'. Image: A collage of various animals. Options: A. Numerais cardinais. B. Numerais ordinais. C. Indefinidos. D. Determinantes.
- Card 5:** 'Cal das seguintes palabras é un indefinido?'. Image: A cat wearing sunglasses. Options: A. Anoroto. B. Nena. C. Poucas. D. Cuarta.

On the right sidebar, there's a 'REPORTS' section showing '4ºB' with a '77%' completion rate and the date 'Fri 06 Mar'.

